

O Poeta do mar, Gabino Díaz de Herrera

Camino Noia

[Recibido, setembro 2007; aceptado, novembro 2007]

RESUMO Con motivo da publicación dun libro póstumo do poeta, a autora do artigo dá a coñecer a personalidade e a obra de Gabino Díaz de Herrera, poeta de impronta modernista e simbolista hoxe en día descoñecido pero que tivo unha presenza importante no mundo literario de Santiago e do Madrid anterior á Guerra Civil do 36.

PALABRAS CLAVE: Díaz de Herrera, Herrera Garrido, neosofía, poesía española.

ABSTRACT The author takes advantage of the posthumous publication of a book by Gabino Díaz de Herrera to provide a biographical sketch of the author and a resumé of his work. He was a poet of modernist and symbolist tendency, little-known today, but an important figure in the literary milieu of Santiago and Madrid in the period leading up to the Civil War of 1936.

KEYWORDS: Díaz de Herrera, Herrera Garrido, neosophie, spanish poetry, teosophie.

213

En marzo de 2007 presentamos no Concello do Barco de Valdeorras o libro de poesías, éditas e inéditas, do poeta Gabino Díaz de Herrera, titulado, tal como el sinalara, *Azar marintero, Persuasión de amor y gallardetes amistosos*, título indicativo do carácter misceláneo da obra.

A organización do libro fíxose hai xa vinte e tres anos segundo as indicacións do autor dos versos.

Coñecín a Don Gabino cando tiña setenta e cinco anos de idade, nos derradeiros días da súa vida. Cheguei a el en novembro de 1981 na procura de información sobre a escritora coruñesa Francisca Herrera Garrido, sobre quen me escribiu en carta do 22 de decembro dese ano:

Me alegra mucho que alguien reavive la memoria de persona tan grata y de tanta calidad humana: selectísima figura espiritual y de una generosidad de pluma para el amistoso elogio rayana en lo celestial... ADMIRABLE FRANCISCA HERRERA, PARADIGMA DE LA AUTÉNTICA MODESTIA INTEGRAL.

Estaba case cego, mais malia as dificultades que a doenza lle ocasionaba non aforraba un sorriso amábel, que disimulaba a falta de visión. Trataba as persoas cunha exquisita cortesía e recibía con entusiasmo aos que o visitaban no seu apartamento da rúa do Torreiro. As elegantes atencións no trato humano eran nel algo natural, parecían xurdir espontaneamente do seu xeito de entender a vida. E, sen que el o pretendese, o seu comportamento obrigaba a mostrarlle un gran respecto. É por iso que nin agora, pasado tanto tempo, me resulta doado suprimir o don do seu nome.

Ademais de elegante, era un home de fonda erudición, e adoitaba ilustrar a súa conversa con elocuentes frases da autoría dalgún clásico ou da súa propia invención.

214 Despois da nosa primeira entrevista, cando xa me contara o que sabía sobre Francisca Herrera, don Gabino pedíume se lle axudaba a editar un libro de vellos poemas e amistosas gabanzas. E nese labor andamos durante o ano 1982 mentres el ía perdendo a escasa visión, a saúde e as ganas de vivir. E cando xa tiñamos o libro organizado e eu escribira o limiar, souben que unha mañá soleada de febreiro, que el non podía ollar, véndose imposibilitado para levar unha vida digna, decidiu poñerlle fin guindándose á rúa dende a ventá do hotel onde durmía. Debeu recordar o que anos atrás escribira, “no es vida la que no es buena”.

Lamentei daquela, e aínda lamento hoxe, que a nosa afectuosa relación e a ilusión de publicar o poemario non fosen azos abondo para superar a súa lamentábel situación.

Gabino Mauro Clemente Díaz de Herrera Iglesias nace no Barco de Valdeorras o 22 de novembro de 1906; rodeado pola paisaxe natural de Valdeorras, entre os ríos Éntoma e Sil, comeza a ollar o mundo. Nesas paraxes aprendeu a coñecer a natureza montesía e amábel da Galicia interior, ao tempo que recibía unha esmerada formación. Foi a súa nai Brenda Lucrecia Iglesias, pertencente a unha rica familia de vinateiros. Os caldos da empresa familiar obtiveran premios internacionais en certames de París e Bruxelas, nos inicios do século XX. Recordo o orgullo con que Don Gabino me mostraba as medallas outorgadas aos seus devanceiros maternos, que el gardaba nunha vitrina no piso do Torreiro. O seu pai, Antonio Díaz de Herrera, nacido na Habana, fora capitán de Infantaría e coñeceu a Brenda Lucrecia cando estaba destinado na antiga Caixa de Recrutadas. Manuel Díaz de Herrera, o bisavó do poeta, fora un ilustre almirante da escuadra de Isabel II, e a avoa paterna enraizaba na estirpe dos Fonseca.

Fixo na Coruña, cidade onde a familia tiña casa de seu na rúa do Príncipe, os estudos do bacharelato. E o valdeorrés empezou a frecuentar os círculos culturais da cidade na amizade dos pintores Álvaro Cebreiro, Urbano Lugrís e Ramón Torrado, entre outros amigos daquela época. Algúns destes asistían ás xuntanzas dos galeguistas que iniciaban as súas actividades como grupo da Irmandade da Fala coruñesa. É moi probábel que don Gabino coñecese os irmáns Antón e Ramón Vilar Ponte, ademais de Vicente Risco, Otero Pedrayo e Losada Diéguez, dos que me ten falado. E sabemos que tamén se relacionou cos poetas pontevedreses Amado Carballo e Juan Vidal, creador da revista *Cristal*, onde Díaz de Herrera publicou varios poemas.

A vocación do futuro poeta non foron os negocios familiares nin a Mariña, e tampouco se interesou polo Dereito, carreira que adoitaban facer os herdeiros das familias adiñeiradas daquel tempo. El prefería a lectura de obras literarias, filosóficas, e o cultivo das artes, en xeral. Estudou os primeiros cursos de Filosofía e Letras na “SIN PAR COMPOSTELA”, cidade na que vivirá días felices nun ambiente académico na amizade de mozos que, coma el, amaban a lectura e as artes. Participa nos parladoiros do antigo Café Español con Alfonso Castelao, Otero Pedrayo, José María Castroviejo, Domingo García Sabell, Eugenio Montes... Foi quizais Evaristo Correa Calderón, sete anos máis vello ca el, quen o levou ao Café Español onde daquela se xuntaban os galeguistas. Naqueles anos, Correa pasaba por un entusiasta fervor galeguista, como mostran os seus artigos de *A Nosa Terra*.

215

Don Gabino e don Evaristo, alumnos de don Armando Cotarelo Valledor, recibirían nas aulas de Lingua e Literatura Españolas da Universidade de Santiago unha boa formación na estética modernista traída a España por Rubén Darío. Movemento polo que Correa abandonou logo para engancharse nos vangardismos de Huidobro, Marinetti e do surrealista Tristán Tzara (Cf. Pardo de Neyra, 2000).

Moitos anos despois, Correa recordará os felices momentos de amizade compostelá nun fermoso soneto:

¿No recuerdas, Gabino, por ventura
nuestra antigua amistad compostelana?...
al ir corriendo a clase con premura
lección de Don Armando, fría y vana.

Decidido a facer a carreira de Filosofía e Letras, e non a de Historia, no remate do segundo curso, Díaz de Herrera marcha a Madrid no outono de 1925, onde remata a carreira iniciada en Santiago. Vai alá cunha boa bagaxe cultural e, quizais, xa escritas as primeiras composicións poéticas.

Nin o espazo nin o momento podían ser máis idóneos para un mozo con inquietudes intelectuais cá etapa que precedeu á II República e os breves anos que durou. Madrid era un fervedoiro de ideas e de acontecementos culturais nos círculos artísticos da capital, que Don Gabino vive con intensidade, alicerzando a súa cultura e facendo fecundas amizades. Asiste á *tertulia* do Café de Pombo, que levaba Ramón Gómez de la Serna, no centro madrileño de Sol, a onde, posibelmente, o levase o seu amigo Evaristo Correa, que chegara a Madrid uns meses antes, e coma el facía Filosofía e Letras na vella facultade de San Bernardo. Correa vivía na Residencia de Estudiantes e tiña boas relacións cos escritores e artistas máis importantes do momento. No libro de Gómez de la Serna, *La sagrada cripta de Pombo* (Madrid 1986), faise unha relación de asistentes á *tertulia* e entre eles aparece un tal “Abril”, nome que pode agochar o do autor do poemario dese título.

216

O poeta valdeorrés aínda ten tempo de frecuentar as xuntanzas do Ateneo, onde se relaciona, entre outros coñecidos nomes das letras e das artes, con don Ramón del Valle-Inclán, Concha Espina, Eduardo Zamacois, Rafael Marquina, o pintor Romero de Torres e o músico Pablo Luna, varios dos cales ían tamén aos parladoiros de Sol. Na capital de España, comparte emocións literarias cos poetas vangardistas galegos Eugenio Montes e Xavier Bóveda, co xornalista Julio Camba e co escultor Francisco Vázquez Díaz (Compostela). E gozando do diálogo coas artes en días de amizade plena, o poeta, aínda que fiel á estética do modernismo foi depurando os gustos literarios, orientándose cara á poética de Juan Ramón e dos pos-simbolistas franceses (Laforgue, Jammes, Supervielle).

Esa primeira estada en Madrid foi a etapa máis gozosa da súa existencia¹. E, en consecuencia, a de creación poética. Nun momento de plenitude vital, recreado polas artes e as letras, a escritura poética xurdiu con fluidez da man

¹ Así mo confesou Don Gabino nas conversas que tivemos durante os anos 1981 e 1982, no piso do Torreiro.

do poeta valdeorrés, coma un canto á beleza. As súas composicións máis que escritura da experiencia, foron exercicios lúdicos e vitais. Que persoa culta, mergullada nun ambiente tan estimulante, podería resistir á chamada da creación artística? Díaz Herrera fíxose poeta do Mar, poetizou os seus espazos, os seus traballadores e construíu unha fermosa imaxinaría de aparellos mariños, nun deleitoso xogo artístico.

En 1927 publica os seus primeiros poemas nun libro editado pola Biblioteca Rubén Darío, dirixida polo fillo do poeta nicaraguano, que titula *Abril*, nunha clara homenaxe a Rubén Darío; o libro leva un poema inicial de Goy de Silva, dándolle o saúdo ao novo poeta, e ilustracións dos artistas galegos Manuel Abelenda e Álvaro Cebreiro. O poemario recibiu boas críticas, e parece que tivo unha segunda edición que non puideron atopar.

E 1928 aparece a tradución ao castelán de *El Teniente azul*, unha novela da escritora francesa Colette-Willy, cuxa tradución fixo don Gabino en colaboración con Antonio Vidal Dovale.

Nos exemplares de *Abril* anúncianse a próxima aparición de varios libros da súa autoría. Os poemarios: *Ideografías*, *Azar Marinero* e *Persuasión de Amor*, ademais dun de parábolas bíblicas, en prosa, *El retorno de Cristo*; os ensaios, *Cómo han visto el amor los grandes ingenios*, *Perfil de un ilustre*, con ilustracións de Xaime Prada (1891-1966) e un máis de ensaios teosóficos titulado *Vibraciones del espíritu en la materia*. Este último, na edición da novela de Colette, anúnciase como xa publicado pola “Unión Teosófica Luz”, de Barcelona, en 1927, e, de próxima aparición, os poemarios *Estrellita marinera*, *Versos emotivos* e *Versos marineros*, así como os relatos *Dientes y cuernos*². Ningún deses textos, que seguramente tiña escritos nos anos en que se anunciaban, aparece publicado, polo que dubido que se chegasen a editar. E a non ser os poemas que tiña eu e que sacamos a luz en 2007, e algún máis que gardo nunhas follas como “Apuntes de un antiguo bloc, casualmente aflorado al cabo de los años...”, o resto dos escritos anunciados perdéronse.

217

En 1933, Díaz de Herrera obtivo o primeiro premio de poesía no concurso da Asociación da Prensa de León e nese mesmo ano recibe o primeiro premio

² De todos eles, só puideron ver mecanografiados os poemas dun poemario que tiña proxectado publicar, e para o que xa se fixera o debuxo da portada, co título *Versos marineros*.

noutro certame de poesía convocado polo concello de Lugo e a Asociación da prensa desa vila.

Despois da “triste broma”, como el adoitaba dicir para referirse á guerra do 36, o poeta deixou de escribir. Confesa o abandono da escritura nesta enigmática frase, “Aunque por distintos motivos, coincidió mi definitivo golpe de timón a los entretenimientos literarios”.

Nos anos que van da década dos corenta aos setenta, Díaz de Herrera traballa de arquivista na Biblioteca Nacional de Madrid. Nesa cidade, casa aos 55 anos de idade con María Guitián Barreiro; non tiveron fillos e ao lle morrer a esposa en circunstancias trágicas, pediu traslado para o Arquivo do Reino de Galicia da Coruña. Alí, ademais da compañía dos colegas de traballo, comparte conversas cos membros do casino coruñés que frecuentaban os salóns para ler a prensa e parolar. Mais, perdidos os verdadeiros amigos, non tiña vontade de iniciar novas amizades. A derradeira etapa da súa existencia foron anos de memoria en soidade e tristeza, até que o 13 de febreiro de 1983 decide abandonar este mundo.

218

A súa considerábel fortuna e a magnífica pinacoteca de pintores galegos, cataláns e casteláns repartiuunos, ademais dos herdeiros forzosos, entre tres institucións: o concello do Barco de Valdeorras, a Real Academia Galega e a Academia de Belas Artes, segundo consta no seu testamento, datado do 24 de setembro de 1973, onde designa testamenteiro dos seus bens a Juan Naya³, secretario da Real Academia Galega até a morte. Dispón no testamento, que o concello do Barco reciba tres cadros e un terzo do diñeiro e do capital obtido da venda das xoias e do piso do Torreiro para beneficencia dos máis pobres. Déixalle unha relación de cadros á Academia de Belas Artes, e á Real Academia Galega, ademais doutra ampla relación de cadros e debuxos, dóalle os documentos e os libros que tiña no piso do Torreiro⁴.

³ Aínda que a min, don Gabino díxerame que deixaba testamenteiro seu a Domingo García Sabell.

⁴ Puiden ver os cadros e os libros, depositados na biblioteca desa institución, pero alí ninguén dá conta de ningún documento do espolio de Gabino Díaz de Herrera. O que me resulta bastante extraño porque no piso de Torreiro había moreas de caixas nas que don Gabino dicía que gardaba escritos seus e dos amigos, fotografías, cartas e gran parte dos documentos familiares. A onde foi parar todo iso?

Ideario

Descoñezo as razóns de Díaz de Herrera para interesarse pola doutrina teosófica fundada en 1875 pola rusa Helena Blavatsky, nin sei cales foron as circunstancias que o levaron a relacionarse con destacados militantes das ideas de Bakunín, nin tampouco que grao de compromiso tivo con estas dúas doutrinas. O que se sabe é que durante a súa estadía en Madrid, nos anos que precederon á guerra do 36, estivo en contacto co teósofo extremeño, Roso de Luna, a quen admiraba moito. E que, entre os anos 1927 e 1928, lle escribe o limiar para o libro de ensaios, *Vibraciones del espíritu en la materia*, segundo me di nunha carta do ano 1982:

Acaso algún día habrá ocasión de hablar de mis sospechas en relación con los tentáculos del MISTERIOSO AZAR, relacionándolo también con la amistad del extraordinario personaje que prologara mi *VIBRACIÓN DEL ESPÍRITU EN LA MATERIA*, el hombre de más saber enciclopédico que he conocido y de bondad casi celestial: astrónomo, teósofo, doctor en todas las facultades universales de entonces, MARIO ROSO DE LUNA.

E se decidiu escribir uns ensaios sobre a teosofía, sen dúbida, debeuse á vontade de reflexionar sobre as ideas dunha das correntes ocultistas máis difundidas en España no primeiro terzo do século XX. O extremeño Mario Roso de Luna foi o máis importante pensador e difusor da doutrina teosófica en España. Creou en Madrid a Sociedade Teosófica e a revista *Sophía*, un importante voceiro das ideas da sociedade, xunto á Biblioteca Orientalista e á Unión Teosófica de Barcelona, que publicaban obras sobre as correntes ocultistas, e que contribuíu á ampliación do número de adeptos á doutrina teosófica.

219

Un dato que nos permite sospeitar da adhesión do poeta á Sociedade Teosófica é que o papel dunha carta que me mandou tiña pegados no dorso dous símbolos teosóficos unidos ao seu nome, como unha especie de tarxeta de identidade, unha cruz esvástica, que na simboloxía da doutrina significa “favorábel”, e un T, que ten o significado de harmonía coa vida. A relixiosidade teosófica afonda nos principios do hinduísmo e nos misterios da simboloxía do vello Exipto, de onde a corrente ocultista collera os símbolos. O principal é unha cruz ansada, que ten a parte superior en forma de lazo (*ansa* ou *asa*).

Certo que entre os libros da pequena biblioteca deixada polo autor non hai ningún de Roso de Luna nin de Helena Blavatski, pero vin algúns que tratan de teosofía e de ocultismo: *Le Kybalion: étude sur la philosophie hermétique de l'ancienne Egypte et l'ancienne Grèce* (1917), *Magia y Brujería: nociones generales*, de G. Dugaston, *Por Satanás: escenas del demonismo contemporáneo*, de René Achwaeble e *Las veladas de S. Petersburgo o coloquio sobre el gobierno temporal de la providencia*, de Joseph Conde de Maistre, sobre as prácticas teosóficas. É probábel que o propio Díaz de Herrera, despois da guerra do 36, destruíse os libros de Roso de Luna, que foran prohibidos pola ditadura franquista.

Sábese que o ocultismo e a corrente teosófica, coa variante neosófica, foron prácticas frecuentes entre os intelectuais españois, dende fins do século XIX a 1936. Valle Inclán utilizou as ideas e os símbolos ocultistas nalgunha das súas obras (Milner 1990). Ese tipo de correntes, que tiñan que ver co mundo oriental, coas crenzas no Máis alá e todo o relacionado con doutrinas exóticas, eran tema de lectura e conversa nos ámbitos intelectuais europeos da época de entre guerras. Para os simbolistas e os modernistas, di Ricardo Gullón (1987: 86-107), o ocultismo significaba unha arma de rebelión contra o mundo materialista, baleiro espiritualmente e estéril na arte. Mantiñan que o ocultismo lles daba a oportunidade de establecer comunicación co mundo do Máis alá e de recuperar a unidade cósmica orixinaria.

En Galicia, o poeta ourensán Primitivo R. Sanjurjo que escribiu un libro de poemas modernistas, *Las mesetas ideales* (1910), moi valorado por Rubén Darío e Díaz Canedo, practicou o ocultismo neosofista. E, como mestre e colaborador de Vicente Risco na revista *La Centuria* (Ourense 1917-1918), levou ao autor de *O porco de pé* a interesarse polo neosofismo. Outro poeta galego practicante do teosofismo foi o pontevedrés Luís Amado Carballo. En 1920 residiu uns meses en Madrid, onde coñeceu a Roso de Luna e colaborou na revista *Hesperia*, que dirixía o estremeño. Amado Carballo foi quen lle levou a de Luna un artigo de Risco sobre o culto á vaca astral en Galicia, para publicar. O nome de Amado Carballo aparece na lista da “Orden de la Estrella del Oriente”, o 11 de novembro de 1920 (Milner 1990: 78).

É posíbel que a adhesión á teosofía lle chegase a Díaz de Herrera a través da relación con admirados escritores modernistas. Esa corrente espiritual permitíalle conxugar a relixiosidade familiar coa práctica da liberdade de espírito, xa que a teosofía promulga que todas as relixións teñen parte de verdade e que

todas son oportunidades para chegar ao coñecemento de Deus. O lema é “Non hai maior relixión cá verdade”. Os adeptos á doutrina teosófica proclaman que vén representar a visión moderna da Eterna Verdade (o *Sanatana Dharma*), de xeito que profesando os seus principios sería máis doado acadar os atributos divinos e chegar ao coñecemento de Deus e de Xesús, pola intuición directa do espírito.

En Madrid, o poeta valdeorrés tivo tamén contactos con anarquistas. O pintor catalán e militante anarquista, Juan Bautista Acher (1897-1967), coñecido polos pseudónimos de Shum, o escritor José Dondai e o filósofo Alfonso Villa foron grandes amigos seus. Shum debuxoulle unha das cubertas do poemario *Versos marineros* e fíxolle as ilustracións interiores do libro, que quedou inédito. Acher, que pasou varias veces pola cadea a causa da militancia anarquista, e Dondai participaron no asalto ao tren de Andalucía durante a ditadura de Primo de Rivera e estiveron presos no penal de Deusto. É posíbel que a amizade con estes anarquistas se limitase á admiración que tiñan pola estética modernista, mais entre os libros de don Gabino hai tres que tratan do anarquismo e que mostran o seu interese polas ideas de Bakunín. De non ser así, por que había ler *La conquista del pan*, de Pëtr Alekseevich Kropotkin ou a novela de costumes anarquistas *Entre los lobos*, de André Lorulot. A biografía do francés François Villon de Antonio de Obregón parece máis lóxico que a lese dado que Villon, ademais dun anarquista libertario *avant la lettre*, foi un gran poeta.

221

Poética

Dado que Díaz de Herrera non volveu escribir despois do ano 1936, supoño eu que máis ca un creador estimulado pola necesidade de comunicación, foi un poeta ocasional arrastrado pola emoción creativa daqueles anos e na míme-se das lecturas dos autores favoritos.

En *Abril*, o poeta de vinte anos poetiza as súas impresións e emocións sobre a vida cotiá nun diálogo vivo cos poetas modernistas, simbolistas e hilozoístas galegos Amado Carballo e Juan Vidal.

por alcanzar un ideal
hice del corazón una cometa;
la cuerda –la sensibilidad– es extensa,
mas, no llega...

Utilizando series de palabras simples, que falan de cousas da vida cotiá, de soños sinxelos, cunha vontade puramente poética, o poeta crea imaxes visuais dunha fantasía lírica enraizadas, como xa indiquei, no modernismo e no simbolismo (*Opio, visiones, figuras poliédricas...*). Sobrancea a estética modernista dentro da diversidade de influencias. A voz poética ve “transparentes e eurítmicas figuras” do ti “arqueando, como el cisne, grácilmente el cuello...”, “cual una hija espiritual de Saturno» e “como un cisne de nieve”.

Ábrese *Abril* con dous poemas metaliterarios (“Iniciación” e “Voluntad”) que falan dos horizontes e do universo do poeta e da falta de disciplina no traballo poético. Séguelle a sección “Poemas del mar”, introducidos por unha cita de San Mateo, “... *semejante a la red, que echada en la mar, coge de todas suertes de peces*”, que expresan as impresións que deixan sobre as augas azuis do mar o reflexo do sol e o voo das gaivotas. A expresión poética ten un ton de tristeza aparentemente causado pola ausencia de alguén que navega:

la nave se fue, fingida y cautelosa...

/.../

Ya se fue la gran barca

con su larga espada

–el palo mayor– que, bajo el sol,

en las plácidas mañanas brillaba

/.../

Es doloroso tener al infinito

abierta una ventana...

222

O poeta fala tamén de soños e dos espazos añados, a cidade vella, o café cantante, o paseo do bispo, o patio, as paisaxes da terra... Dedicou tres poemas ás estacións do outono, inverno e verán, e curiosamente non hai ningún canto á primavera malia ser *Abril* o título do libro.

Na breve sección “María Magdalena”, dedicada a súa tía paterna, insire dous longos poemas de asunto bíblico, un sobre a Magdalena e outro no que parodia a parábola do sementador.

Remata o poemario coa sección “Paisajes”, que termina cun poema sorprendente nun mozo de vinte anos, “¡Detente juventud!”, introducida por un lema en verso do simbolista francés Paul Verlaine, no que a voz poética chora recordando os días do pasado (*Je me souviens/ des jours anciens/ e je pleure*), unha

clara homenaxe á poética simbolista. E, o poeta de vinte anos, dálle voz ao emisor para lamentar a perda da “alegre infancia”, nun laio polo paso do tempo.

“Azar marineru e Persuasión de amor”

A sección “Azar marineru e Persuasión de amor”, parte do libro de 2007, contén poesías inéditas escritas entre 1926 e 1936 e algunhas xa publicadas en revistas. En 1982 escribe o autor.

Son muchos lustros, todo es de antes de la Broma del treinta y seis /.../ Por la antigüedad va lo de aflorado en una fantasía casi mineral. Lo de gallardetes me parece ir bien, pues le da un tono más festivo y marineru que decir lisamente lo que son, Amistosos elogios.

As dúas seccións en que está dividido o libro, tal como indicara o autor: “Versos marineros” e “Persuasión de amor”, diferéncianse só pola temática que tratan.

223

Agás tres ou catro casos, son composicións breves, de ritmo lixeiro e popular, mais cun marcado clasicismo, nos temas e no léxico, froito dunha coidadosa escolla. Están concibidos como fermosos decorados de formas harmónicas onde se desenvolven lúdicas escenas coloristas. Abundan as aliteracións, as anáforas e os paralelismos, recursos retóricos que lles dan aos poemas unha fonda sonoridade. Coma os versos de *Abril*, están escritos co entusiasmo do sonoro modernismo.

Os poemas mariños son, en xeral, composicións de versos de cinco, seis ou sete sílabas, quebrándose por veces en tres. A voz poética diríxese aos elementos mariños nun ton festivo e amoroso cantando as cousas máis simples.

Olor a brea
y algas marinas,
velas latinas
estrellitas de la mar,
azares en la neblina
y perfume de resina
de pinar.

Trátase dun agarimoso canto aos homes do mar, mariñeiros, grumetes ou capitáns, ás embarcacións e os seus aparellos, uns textos rebordantes de alegría e beleza. O poeta, a través do emisor lírico, loa os partícipes na arte de navegar en soñadas aventuras. En “Azar mariner”, dirixíndose a si mesmo, o eu lírico incita a navegar cara ao horizonte azul atropelando as gaivotas, a espuma do mar, e calquera cousa que se poña por diante (“Muchacho –me dije– Arriba, ¡Atropella!, ¡Atropella!”), facendo co mastro unha criba de luceiros no ceo. A esvelteza dos mariños de “apolíneo perfil de versolari” rompe coa proa as augas azuis, e o mar, cómplice dos barcos e dos homes, acompañaos na súa travesía polo bravo océano. Os aparellos do barco, como outros elementos mariños, aparecen personificados; o “mástil” é un “xentil e afouto aventureiro que porta un gallardete vermello despregando os brazos ao vento.... Na fermosa cantiga que comeza “Vivo afán mariner” o poeta, levado por mares de soño, vai na busca da rosa dos ventos para facer con ela unha alfaia de “berilo undívago” coa que adobiar as mans. Esa metáfora composta por un mineral de cor verdemar acompañado do poético cultismo *undívago* dá a sensación da tonalidade e o movemento das ondas mariñas.

224

Na primeira sección van inseridos dous fermosos poemas que non teñen tema mariñeiro, “Artista de genio” e “Mi anillo”. O primeiro é un soneto de clara feitura modernista dedicado ao pintor amigo Álvaro Cebreiro, a quen o poeta presenta como un coidadoso pastor de beleza preocupado por mantelas. “Mi anillo”, dedicado ao gravador de pedras preciosas Walter Aubell, publicárase en 1932 na revista pontevedresa *Cristal* e non estaba no proxecto inicial do libro. Decidimos inserilo por tratarse dunha boa composición practicamente descoñecida. En vinte e catro versos alexandrinos, divididos en tres estrofas, o poeta conta a historia dun antigo anel, que en 1982 gardaba nunha vitrina do piso da Coruña, e que me mostrou orgulloso como un prezado herdo da familia Díaz de Herrera. Na primeira estrofa, o poeta describe a feitura do anel feito co ouro que os árabes apañaran no granadino río Darro, adquirido por un seu devanceiro, almirante da escuadra da raíña Isabel. Na segunda estrofa, o emisor lírico refírese a como gravou o anel o austríaco Aubell para, na terceira, facer un canto ao habelencioso gravador, a quen compara co escultor Benvenuto Cellini, tendéndolle a man que leva posto o anel no dedo mediano coma se fose un escudo protector.

A segunda sección, “Persuasión de amor”, iníciase cun poema dedicado a unha violonchelista, interlocutora da voz poética. A cor azul, símbolo dos

modernistas, tingue a ollada sedutora da fermosa muller, mais o poeta resíste-se ao engado amoroso ao sentir nos acordes do violonchelo falar da fugacidade do sentimento amoroso (“que o amor se afasta ao chegar e a ilusión se fai vella ao nacer”). O resto dos poemas desta parte son semellantes ás dos versos mariñeiros, cantigas breves e lúdicas. Tampouco nestas composicións hai sombra de tristeza, fealdade nin dor. A voz poética transmite alegría para falar de amores lixeiros, nados da ollada de corpos fermosos con “mans de nardo coma aquelas divinas que pintara Leonardo”, de bocas frescas como a que Paolo lle ofrecera a Francesca, voces de neve que queiman, ollos fascinantes e peitos feros.

Aquí incluimos tres poemas en lingua galega, “O soneto a Pipí que está lonxe” e dúas cantarelas. O soneto refírese á vida da tal Pipí que, obrigada a deixar o acubillo da súa terra, soa e sen amigos, busca a liberdade en terras alleas.

A coincidencia xeracional e o estilo de cantiga neopopular en temas e metros, sen dúbida, insire a poesía de Díaz de Herrera na Xeración do 27. Alberti, Machado e o propio Lorca están presentes en poemas como este:

Mi navío es un pinar
todo de verde y dorado:
que sitio para olvidar
el pinar como la mar...

225

Mais a pegada do modernismo, no léxico e no uso de símbolos clásicos, é moi forte; achegándose tamén no cultivo da imaxe aos galegos Juan Vidal e Amado Carballo. Como este, o poeta valdeorrés emprega imaxes da vida cotiá, transmitidas mediante as vibracións que o espírito tira da materia.

En definitiva, a poesía de Gabino Díaz de Herrera, como xa indiquei, insírese na poética modernista con trazos pos-simbolistas e imaxinistas. Mais todo isto son só sinxelas disquisicións profesionais. O poeta valdeorrés escribiu sen ataduras a escolas nin a grupos, e como el dicía falando das súas composicións “sólo se trata de una autosatisfacción y Dios nos libre en poesía, en ARTE, de sesudas valoraciones”.

Camiño Noia
Universidade de Vigo

Referencias bibliográficas

- Abellán, José Luis. 1989. *Historia crítica del pensamiento español. La crisis contemporánea (1875-1936)*. Vol. V (1). Madrid: Espasa Calpe.
- Díaz de Herrera, Gabino. 1927. *Abril*. Madrid: Biblioteca Rubén Darío.
- 1928. *El teniente azul*. Novela de Colette Willy. A Coruña: Colección Leda. Galicia; tradución do francés de Díaz de Herrera e A. Dovale Vidal.
- 2007. *Azar marinero. Persuasión de amor y gallardetes amistosos*. O Barco de Valdeorras (Ourense): IEV e Concello do Barco.
- Gómez de la Serna, Ramón. 1986. *La sagrada cripta de Pombo*. Vol. II. Madrid: Trieste.
- Gullón, Ricardo. 1987. “Espiritismo y modernismo”, en *Nuevos asedios al modernismo* (ed. Iván A. Schulman). Madrid: Taurus.
- Hermida, Modesto. 1987. *As revistas literarias en Galicia na Segunda República*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.
- 226 López Casanova, Arcadio. 2003. “O sistema poético de Amado Carballo (para unha análise do impresionismo eglóxico na lírica galega moderna)”, en *Revista Galega do Ensino*, nº 38, febreiro, pp. 71-106.
- Miler Garlitz, Virginia. 1990. “Valle Inclán y el ocultismo. La conexión gallega”, en *El modernismo*. Universidad de Valladolid: Secretariado de Publicaciones, pp. 61-80.
- Pardo de Neyra, Xulio. 2000. “Evaristo Correa Calderón, a consolidación do nacionalismo galego e a introdución do vangardismo poético na literatura galega”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 24, segundo semestre, pp. 23-56.